

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Traballo de fin de grao

**Proxecto de estudo da prevalencia de patoloxías
podolóxicas ungueais e dermatolóxicas en
mariscadoras/es de a pé**

Curso académico 2017/2018

Vanessa Pensado Vieites

Titora de iste proxecto de investigación:

Doutora: M^a de los Ángeles Bouza Prego

Dept. Ciencias da Saúde

Facultade de Enfermería e Podoloxía

Cotutora:

Raquel Veiga Seijo

ÍNDICE

SIGLAS E ACRÓNIMOS	5
TÍTULO	6
RESUMO.....	6
1. INTRODUCCIÓN	8
1.1. Actividade marisqueira	8
1.2 A saúde do pé das/os mariscadoras/es	10
2. APLICABILIDADE	11
3. HIPÓTESES.....	12
4. OBXECTIVOS	12
5. METODOLOXÍA	12
5.1 Ámbito de estudo	12
5.2. Período de estudo	13
5.3. Tipo de estudo.....	13
5.4. Criterios de inclusión e exclusión.....	13
5.5. Variables estudadas	13
5.8. Xustificación tamaño muestral.....	15
5.9. Análise estatístico	15
5.10. Estratexia de búsqueda bibliográfica	16
6. PLAN DE TRABALLO	17
7. ASPECTOS ÉTICO-LEGAIS.....	18
8. LIMITACIÓNS DO ESTUDO	19
9. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS	19
10. FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN.....	20
10.1. Recursos necesarios	20

10.2. Posibles fontes de investigación.....	22
11. BIBLIOGRAFÍA	23
12.ANEXOS	26
ANEXO 1. SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN POR PARTE DA CONFRARÍA DE PESCA DE MUROS.....	26
ANEXO 2. CUESTIONARIO.....	27
ANEXO 3. BASES DE DATOS E ESTRATEXÍA DE BÚSQUEDA.....	30
ANEXO 4. FOLLA DE INFORMACIÓN	32
ANEXO 5. CONSENTIMENTO DO/A PARTICIPANTE	33

SIGLAS E ACRÓNIMOS

ACTA DERM VENEROL	<i>Acta Dermato-Venereologica</i>
ADV SKIN WOUND CARE	<i>Advances in Skin & Wound Care</i>
AES	Acción Estratéxica de Saúde
AJ.AM.PODIATR.ME.ASSOC	<i>Journal of the American Podiatric Medical Association</i>
CLIN PODIATR MED SURG	<i>Clinics in Podiatric Medicine and Surgery</i>
Epi	Equipo de protección individual
IGE	Instituto Galego de Estatística
IMC	Índice de Masa Corporal
ISSGA	Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
JRC	Journal Citation Reports
OMS	Organización Mundial da Saúde
SEEDO	Sociedade Española para o Estudo da Obesidade
UDC	Universidade da Coruña

TÍTULO - TITLE

Proxecto de estudo da prevalencia de patoloxías podolóxicas ungueais e dermatolóxicas en mariscadoras/es de a pé.

Proyecto de estudio de la prevalencia de patologías podológicas ungueales y dermatológicas en mariscadoras/es de a pie.

Project of study about the prevalence of ungueal and dermatological podiatric pathologies in shellfish gatherers.

RESUMO – RESUMEN- SUMMARY**Introducción – Introducción – Introduction**

O marisqueo a pé é unha actividade profesional por conta propia que consiste principalmente en capturar, sementar e comercializar moluscos e outros invertebrados mariños. O colectivo que a desempeña está sometido a condicións de traballo adversas, tales como humidade, golpes, cortes ou posturas forzadas, que supoñen un risco para a súa saúde e que favorecen o desenvolvemento de diversas patoloxías, e en concreto, patoloxías podolóxicas dérmicas e ungueais.

El marisqueo de a pie es una actividad profesional por cuenta propia que consiste principalmente en capturar, sembrar y comercializar moluscos y otros invertebrados marinos. El colectivo que va a desempeñar esta tarea está sometido a condiciones de trabajo adversas, tales como la humedad, golpes, cortes y posturas forzadas, que suponen un riesgo para la salud y que favorecen el desarrollo de diversas patologías, y en concreto, patologías podológicas dérmicas y ungueales.

Shellfish gathering is a professional activity on its own that consists basically on capturing, sowing and marketing mollusks and other marine invertebrates. The group that will perform this task is submitted to adverse working conditions, such as humidity, hits, cuts and forced postures, that suppose a risk to health and it favors the development of diverse pathologies, in particular, dermatological and ungueal pathologies.

Obxectivo – Objectivo - Objective

Determinar a prevalencia das patoloxías podolóxicas dérmicas e ungueais en mariscadoras/es de a pé ao longo da súa vida laboral.

Determinar la prevalencia de patologías podológicas dérmicas y ungueales en mariscadoras/es de a pie a lo largo de su vida laboral.

Determine the prevalence of ungual and dermatological podiatric pathologies in shellfish gatherers during their working life.

Material e método – Material y método – Material and method

A poboación obxecto de estudo serán as/os mariscadoras/es da ría de Muros e Noia. A mostra extraeráse das 146 licenzas que conta na actualidade este municipio (Tamaño muestral: $n = 129$ (Seguridade = 95%, Precisión ± 3)). Inclúiranse no estudo a aquelas persoas maiores de idade e en posesión de licenzas pertinentes, que accedan participar de maneira voluntaria e exclúiranse as persoas que pola súa deterioración cognitiva non poidan participar. O estudo realizarase entre xaneiro de 2018 e maio de 2019. Para obtermos información sobre variables sociodemográficas, antropométricas, laborais, o tipo de calzado usado e cuestións dermatolóxicas e ungueais do pé, recolleranse datos a través dun cuestionario que será entregado por unha das investigadoras do estudo.

La población objeto de estudio serán las/los mariscadoras/es de la ría de Muros y Noya. La muestra se extraerá de las 146 licencias que cuentan en la actualidad este municipio (Tamaño muestral: $n = 129$ (Seguridad = 95%, Precisión ± 3)). Se incluirá en el estudio a personas mayores de edad y en posesión de licencias pertinentes, que accedan a participar de manera voluntaria y se excluirán las personas que por su deterioro cognitivo no puedan participar. El estudio se realizará entre enero 2018 y mayo de 2019. Para obtener información sobre variables sociodemográficas, antropométricas, laborales, el tipo de calzado usado y cuestiones dermatológicas y ungueales del pie, se recogerán datos a través de un cuestionario que será entregado por una de las investigadoras del estudio.

The population under study will be the shellfish gatherers from Muros and Noia estuary. The sample will be extracted from the 146 licenses that this location currently has (Sample size: $n = 129$ (Security = 95%, Accuracy ± 3)). They will be included in the study those people of legal age and in possession of pertinent licenses, who agree to participate in a voluntary way and will exclude people who, due to their cognitive impairment, cannot participate. The study will take place between January 2018 and May 2019. In order to obtain information about socio-demographic, anthropometric and labor variables, and the type of footwear used in dermatological and ungual problems of the foot, data will be collected through a questionnaire that will be delivered by one of the researchers of this study.

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Actividade marisqueira

En España, a actividade marisqueira conta cunha ampla tradición na Comunidade Autónoma de Galicia, sendo una actividade común en dita comunidade.

Esta profesión ten as súas raíces nos primeiros asentamentos dos habitantes da terra e foi evolucionando ata unha verdadeira activade profesional de tipo secundaria^{1,2,3}.

Enténdese por marisqueo o exercicio dunha actividade extractiva desenvolvida principalmente a pé ou desde unha embarcación, na zona marítima ou marítimo - terrestre, dirixida de modo exclusivo, con artes selectivas e específicas, á captura dunha ou varias especies de moluscos e outros invertebrados mariños, co fin de comercializalos⁴.

As tarefas que levan a cabo as persoas dedicadas ao marisqueo son: a cría, tarefas de resembrado, extracción de marisco para o mercado, limpeza e vixilancia e o transporte de ferramentas e capturas⁵. Entre as ferramentas que empregan, que se atopan reguladas⁵, cabe mencionarmos o rastro, o angazo, a aixada, o coitelo, a rasqueta, a fouce e a forcada.

Existen varios tipos de marisqueo: marisqueo na praia (zona intermareal, denominado marisqueo seco), marisqueo dentro da auga (zona submareal, denominado marisqueo mollado e somerxido ata o peito) e marisqueo por inmersión (mergulladores recolectores). Os distintos tipos de marisqueo pódense observar nas figuras 1, 2 e 3⁵.



Figura 1. Marisqueo na praia.⁵



Figura 2. Marisqueo dentro da auga.⁵



Figura 3. Marisqueo por inmersión.⁵

Na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os datos correspondentes ao ano 2017 do Instituto Galego de Estatística (IGE), viven desta actividade incluída no sector marítimo-pesqueiro, 3.823 persoas (licenzas individuais)⁶. De acordo co Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), o 90% son mulleres⁵.

Este tipo de traballadoras/es están sometidas/os a distintos tipos de riscos debido ás condicións de traballo adversas a que se expoñen (humidade, vento, temperaturas externas e radiación solar). De igual maneira, arríscanse a caídas, golpes, cortes, sobreesforzos e enfermidades profesionais relacionadas coa carga física asociada a súa ocupación (pola adopción de posturas forzadas, a aplicación de forzas, os ciclos de traballo repetitivos e a manipulación de cargas) ou ao uso das propias ferramentas de traballo (que poden ser dunhas dimensións inadecuadas e un peso excesivo)⁵.

En canto a vestimenta de traballo que utilizan, foi deseñada considerando as necesidades deste colectivo, e polo xeral, no seu uso deben observarse aspectos como poden ser o talle ou a morfoloxía corporal⁵. De non se adaptar adecuadamente ás características

físicas persoais de cada traballador/a pode provocar rozaduras, irritacións, afeccións debidas á falta de estanqueidade, etc.

Así, en este tipo de sector os Equipos de Protección Individual (Epi) que se empregan son: as botas de goma de media caña, escafpíns, luvas de neopreno, pantalón de neopreno, protectores da cabeza, traxe impermeable e traxe de neopreno vadeador^{7,8}.

1.2 A saúde do pé das/os mariscadoras/es

Dado que as condicións e factores descritos previamente inflúen na saúde dos traballadores do mar, é de reflexionar como ditas condicións laborais afectan a saúde do membro inferior, e en concreto, ao pé, atopándose distintos artigos que ilustran os diferentes aspectos que se mostran a continuación:

Nos anos 2008 - 2009 Mencía Fernández⁹ realizou un estudo sobre o calzado laboral, no que participaron 30 traballadores de distintas empresas dos sectores da sanidade, a construción e outros servizos. En dito traballo trataban de determinar entre outros aspectos os problemas podolóxicos asociados ao uso e sobreuso do calzado laboral. Tívoise en conta as patoloxías previas a realización do estudo e no momento do mesmo. En relación coas patoloxías podolóxicas, obtivéronse os seguintes resultados: un 27% de helomas, un 18% de sequidade no pé, un 17% de presenza de encravamento ungueal, un 10% de presenza de estrías no talón, un 8% de coloración das uñas e un 2% de presenza de estrías nas uñas⁹.

Noutro estudo¹⁰ realizado polo ISSGA en 2011 na Coruña, Lugo e Pontevedra, cunha mostra de 938 mariscadoras/es (98% mulleres e 2% homes), se nos centramos exclusivamente nos datos sobre os síntomas no membro inferior, obsérvanse que en comparación coa columna (63,9%) e os membros superiores (32,3%), estes acadan un porcentaxe dun 16,7%. A dor de pés maniféstase no 2%, en nocellos 2% e en xeonllos o 6%¹⁰. Ademais, neste estudo reflíctese a intolerancia ao uso dos Epi por parte das/os mariscadoras/es e as súas consecuencias: aparecen diversas alteracións cutáneas relacionadas co exceso de humidade, tales como alerxias, rozaduras e micoses (estas últimas as máis frecuentes)¹⁰.

Tamén existe outro estudo elaborado por Rivas López *et al.*¹¹ dos anos 2013-2014 sobre a prevalencia de patoloxías podolóxicas entre traballadoras/es do mar e da terra que utilizan calzado laboral e residen en Galicia. Dos 94 participantes (80,1% homes e 14,1%

mulleres) un 50% pertencen a traballadores do mar e o outro 50% traballan en piscifactorías (traballadores de terra). Os resultados que se obtiveron puxeron de manifesto que o 59,6% dos traballadores do mar sofre algunha patoloxía podolóxica: 10,6% fungos, 19,1% verrugas¹¹; fronte ao 34% da poboación de terra¹¹.

Así mesmo, o Ministerio de Agricultura e Pesca levou a cabo un estudo¹² no ano 2015 con 31 mariscadoras/es enquisadas/os (90% mulleres e 10% homes) de diferentes confrarías de España, entre elas as galegas. No cuestionario que se lle pasou formulábanse preguntas relativas ao membro inferior e ás doenzas que padecían a causa da súa actividade. Entre os participantes enquisados, acháronse un 35% de queimaduras solares, seguido dun 23% de sabañóns e un 10% de micoses¹².

Como cabe apreciarmos, soamente un dos estudos mencionados se centra no membro inferior, mais sen tratar as/os mariscadoras/es de a pé. Existe, xa que logo, unha lagoa de coñecemento que pretendemos encher con este traballo, onde os resultados do mesmo permitirán poñer de relevancia novas liñas de intervención a atender por parte da podoloxía para que as mariscadoras e mariscadores tomen conciencia sobre a importancia dos pés como una parte fundamental do noso corpo e pilar fundamental da nosa saúde.

2. APLICABILIDADE

Existe moi pouca información sobre as patoloxías podolóxicas dérmicas e ungueais en mariscadoras/es de a pé, só se atopa algúns datos en guías publicadas polo ISSGA^{5,12} e enquisas feitas polo Ministerio de Agricultura e Pesca¹³, centrándose mais no membro superior que no inferior. Con este proxecto de investigación intentase mostrar a magnitude e o alcance das patoloxías podolóxicas dérmicas e ungueais en mariscadores/as de a pé.

Os traballadores do mar que se dedican o marisqueo da pé están en contacto permanente coa auga e a area húmida, ademais de utilizar calzado laboral non transpirable. A humidade do medio laboral unido a ese tipo de calzado inflúe nos pes, requirindo os mesmos un coidado especial polas condicións ás que están sometidos.

Con este proxecto de estudo pretendese abrir un novo camiño de investigación no campo da podoloxía, en relación as patoloxías podolóxicas dérmicas e ungueais e a influencia das condicións de traballo nas mesmas.

Deste xeito tratarase de aproximar a comunidade científica e a poboación en xeral sobre a repercusión que o traballo das/os mariscadoras/es ten no desenrolo de patoloxías podolóxicas. Ademais, pretendese que os resultados de este estudo axuden a resaltar a necesidade dun chequeo, e a importancia que tería unha adecuada prevención e educación sanitaria para previr patoloxías nos pes.

3. HIPÓTESES

A. En relación ao obxectivo principal:

- ✓ Hipóteses nula (H_0): As/os mariscadoras/es de a pé non presentan patoloxía podolóxica dérmica e ungueal ao longo da súa laboral.
- ✓ Hipóteses alternativa (H_a): As/os mariscadoras/es de a pé presentan patoloxía podolóxica dérmica e ungueal.

B. En relación aos obxetivos secundarios:

- ✓ Hipóteses nula (H_0): Non existen diferenzas en canto a prevalencia das patoloxías podolóxicas dérmicas e ungueais en función das variables sociodemográficas, antropométricas, laborais e tipo de calzado.
- ✓ Hipóteses alternativa (H_a): Existen diferenzas en canto a prevalencia das patoloxías podolóxicas dérmicas e ungueais en función das variables sociodemográficas, antropométricas, laborais e tipo de calzado.

4. OBXECTIVOS

A. Obxectivo principal

- ✓ Determinar a prevalencia de patoloxías podolóxicas dérmicas e ungueais entre as/os mariscadores/as de a pé.

B. Obxectivos secundarios

- ✓ Valorar a prevalencia das patoloxías podolóxicas dérmicas e ungueais en función das variables sociodemográficas, antropométricas e laborais.
- ✓ Valorar a prevalencia das patoloxías podolóxicas dérmicas e ungueais en función do tipo de calzado que se usa.

5. METODOLOXÍA

5.1 Ámbito de estudo

O estudo levarase a cabo na ría de Muros e Noia, máis concretamente no municipio de Muros (A Coruña), coa autorización da Confraría de Pesca de Muros (Anexo 1). Segundo

os datos do IGE, no ano 2017 Muros contou con 8.792 habitantes, dos cales 4.254 son varóns e 4.538 son mulleres^{14,15}. En total marisquean na zona 146 persoas, das cales 71 proceden do Concello de Muros e 75 do Concello de Noia¹⁶.

As persoas participantes serán aquelas que cumprindo cos criterios de inclusión (posteriormente descritos) accedan a participar no estudo durante a duración do mesmo.

5.2. Período de estudo

Xaneiro 2018 a Maio 2019.

5.3. Tipo de estudo

Observacional, respectivo de prevalencia.

5.4. Criterios de inclusión e exclusión

Os criterios de inclusión e exclusión figuran na Taboa II.

CRITERIOS DE INCLUSIÓN	CRITERIOS DE EXCLUSIÓN
Traballadoras/es do mar que se dediquen ao marisqueo de a pé e que pertencan á Confraría de Pesca de Muros	Persoas que pola súa deterioración cognitiva non poidan participar no estudo
Maiores de 18 anos	
Persoas que queiran participar libremente e que firmen o consentimento informado	

Taboa II Criterios de inclusión e exclusión

5.5. Variables estudadas

A. Variables identificativas:

- Código de identificación.
- Fecha de recollida de datos.
- Nome do investigador/a que recolla a información.

B. Variables sociodemográficas:

- Ano de nacemento.
- Sexo (home-muller).

C. Variables antropométricas:

- Peso en quilogramos (Kg).
- Talle en metros (m).

- Índice de Masa Corporal (IMC) coa seguinte fórmula:

$$\text{IMC} = \text{peso (kg)} / \text{talla}^2 \text{ (m)}$$

As medicións destas variables serán realizadas pola investigadora a través dun tallímetro e unha báscula.

Os resultados (IMC) serán cualificados de acordo coa Sociedade Española para o Estudo da Obesidade (SEEDO)¹⁷, tal como se recolle na Taboa III.

CATEGORÍA	VALORES LÍMITE DE IMC
Peso Insuficiente	<18.5
Peso Normal	18.5 - 24.9
Sobrepeso grado I	25.0 - 26.9
Sobrepeso grado II (preobesidade)	27.0 – 29.9
Obesidade de tipo I	30.0 – 34.9
Obesidade de tipo II	35.0 – 39.9
Obesidade de tipo III (mórbida)	40.0 – 49.9
Obesidade de tipo IV (extrema)	>=50

Taboa III: Clasificación da SEEDO para o IMC

D. Variables laborais:

1) Tipo de marisqueo:

- Zoa intermareal.
- Zoa submarea.
- Zoa mixta.

2) Anos de exercicio da actividade

5.6. Tipo de calzado utilizado:

a) Laboral

- Botas de goma de media caña.
- Escarpíns.

b) Outro tipo (especificar polo participante)

5.7. Variables dermatolóxicas:

Recolleremos diferentes patoloxías podolóxicas dermatolóxicas e ungueais que poden observarse no Anexo 2. As variables dermatolóxicas incluídas no estudo foron seleccionadas a partir dos criterios da Décima Revisión da Clasificación Estadística Internacional de Enfermidades e Estados Mórbidos (CIE-X) ¹⁸.

Para facilitar a traballadora/or a comprensión do cuestionario empregárase o mesmo linguaxe coloquial. Ademais de cada unha das patoloxías do Anexo 2 recolleranse a maiores os seguintes datos:

- Localización pes.
- Tratamento.
- Nome do tratamento.
- Duración do tratamento

5.8. Xustificación tamaño muestral

Os participantes seleccionáronse por conveniencia (por muestreo consecutivo).

Dado que a poboación a que podemos acceder sería unha poboación finita de 146 persoas, cun tamaño muestral de 129 persoas permitiríase estimar os parámetros de interese con unha seguridade de 95% e unha precisión de $\pm 3\%$.

5.9. ANÁLISE ESTATÍSTICO

Realizouse un estudo descritivo das variables incluídas no estudo. As variables cualitativas presentarase como valores absolutos e porcentaxes mentres que as variables cuantitativas se describirán como media \pm desviación típica.

A comparación de medias realizarase mediante a proba T de Student o Test de Mann Whitney tras comprobación da normalidade (test de Kolmogorov-Smirnov). A asociación das variables cualitativas determinarase mediante o estadístico Chi Cadrado ou test de Fisher según proceda. Considérase o p-valor $< 0,05$ como estadísticamente significativo.

As análises dos datos foron recollidos mediante o paquete estatístico IBM SPSS 20.0 para Windows.

5.10. Estratexia de búsqueda bibliográfica

En primeiro lugar, consultamos distintas bases de datos, relacionadas coas Ciencias da Saúde, co obxectivo de coñecer o estado da cuestión no tocante á temática do noso traballo, alén de poder levar a cabo esta investigación co maior número de datos posible. Foron as seguintes: Cinhal, Pubmed, Cuiden, Scopus e Dialnet. Como palabras clave empregamos: *shellfish catcher*, *shellfish farmer*, *shellfish gatherers*, *mariscador*, *mariscadora*. (Anexo 3).

A busca acoutouse con descritores MeSH e os operadores booleanos “AND “ e “OR”, dependendo das bases de datos. Os escasos resultados que atinximos, obrigáronnos a renunciar á especificidad, para elaborar unha procura máis exhaustiva e tratar de obter un maior número de documentos. Ademais, fíxose uso da busca á inversa a partir de teses de doutoramento e traballos académicos relacionados cos/as traballadores/as do mar. A partir desas referencias bibliográficas engadiuse información do INE, o IGE, algunhas guías publicadas pola Xunta de Galicia e documentos do Ministerio de Agricultura e Pesca.

6. PLAN DE TRABAJO

CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES POR MESES																			
ACTIVIDADES	ANO	2018												2019					
		MES	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D	X	F	M	A	M
Revisión da literatura		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Formulación do estudo				X															
Solicitud e autorización da cofraría e ao comité da UDC.					X	X	X	X											
Presentación informativa do estudo na cofraría de pesca e sinatura do consentimento informado dos participantes.									X										
Recollida de datos*.										X	X								
Análises estatísticos e interpretación dos resultados.												X	X						
Revisión dos resultados e redacción do estudo.														X	X				
Discusión e conclusións.																X			
Redacción do artigo e difusión dos resultados.																	X	X	

Táboa IV. Cronograma do plan de traballo.

*No caso de que a recollida de datos rematase antes do tempo fixado, pasarase a seguinte fase do estudo.

7. ASPECTOS ÉTICO-LEGAIS

Antes de comezarmos a investigación solicitaremos o ditame favorable do Comité de Ética da Universidade da Coruña (UDC), así como o consentimento da Confraría de Pesca de Muros (Anexo 1). Unha vez obtidos estes permisos organizaremos unha charla informativa para captar participantes entre as/os mariscadoras/es, ás/aos cales se lles facilitará unha folla impresa con información (Anexo 4), e resolver calquera dúbida que teñan ao respecto.

Aquelas persoas que desexen participar no estudo deberán asinar de xeito voluntario o consentimento informado que presentamos no Anexo 5. A cada participante farase entrega dun documento no que se explica que os datos obtidos serán cubertos para fins de investigación. Entón faráselles entrega do cuestionario que pode consultarse no Anexo 2. As respostas serán anónimas e terán como única finalidade a investigación.

Todos os datos clínicos recollidos dos traballadores estarán separados dos datos de identificación persoal e serán custodiados por un dos investigadores comprometéndose á destrución de todos os datos unha vez concluído o proxecto. Así, asegúrase o anonimato dos participantes, conforme ao disposto no Regulamento Xeneral de Protección de Datos (Regulamento UE 2016-679 do Parlamento europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016)¹⁹. Tamén se seguirá a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica²⁰ e a Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica²¹.

Igualmente este estudo acatará igualmente os principios bioéticos de respecto á autonomía do paciente, a non maleficencia, a beneficencia e a xustiza, establecidos nos catro principios bioéticos de Beauchamp e Childress²². Tamén se respectará a Declaración de Helsinki, redactada pola Asociación Médica Mundial (AMM)²³ de 1964, sobre os principios éticos para as investigacións médicas en seres humanos, así como as súas modificacións, e a Declaración de Núremberg²⁴. Cumprírase, por último, co establecido no Convenio para a protección dos dereitos humanos e a dignidade do ser humano con respecto ás aplicacións da bioloxía e a medicina, establecido en Oviedo o 4 de abril de 1997 (BOE n.º. 251, do 20/10/1999)²⁵.

8. LIMITACIÓNS DO ESTUDO

- Segas de selección: Derivados de que os suxeitos foron seleccionados por conveniencia.
- Segas de información: Virán dados polo feito de que a información sobre as patoloxías son facilitados polo participante.

9. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS

No tocante aos resultados obtidos neste proxecto de investigación, é a nosa vontade darlles a máxima difusión a través das diferentes revistas especializadas de ámbito nacional e internacional, así como divulgalos en congresos e xornadas vinculados coa podoloxía.

- **Revistas de ámbito internacional**

Consultadas mediante os Journal Citation Reports (JRC):

- *Journal of the American Podiatric Medical Association* (AJ Am Podiatr Me Assoc), con factor de impacto de 0,670. Cuartil 4.
- *Clinics in Podiatric Medicine and Surgery* (Clin Podiatr Med Surg), con factor de impacto 0,726. Cuartil 4.

- **Revistas de ámbito nacional**

- *El Peu.*
- *Revista Española de Podología.*
- *Revista Internacional de Ciencias Podológicas.*
- *Podología Clínica.*

- **Revistas dermatolóxicas**

- *Acta Dermato-Venereologica* (Acta Derm Venereol), con factor de impacto 3,653. Cuartil 1.
- *American Journal of Clinical Dermatology* (Am J Clin Dermatol), con factor de impacto 2,755. Cuartil 1.
- *Advanced Skin & Wound Care* (Adv Skin Wound Care), con factor de impacto 1,088. Cuartil 3.

▪ **Congresos**

- Xornadas Galegas de Podoloxía: organizadas polo Colexio Oficial de Podólogos de Galiza.
- Congreso Nacional de Estudiantes de Podoloxía: organizado por estudantes de Podoloxía de toda España.
- Congreso Nacional de Podoloxía: organizado polo Consello Xeral do Colexio Oficial de Podólogos e o Colexio Oficial de Podólogos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Congreso Hispano-Francófono de Medicina Marítima.

10. FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN

10.1. Recursos necesarios

a) **Infraestrutura**

O proxecto levarase a cabo nas instalacións da Confraría de Pesca de Muros.

b) **Recursos humanos**

Precisarase dun/ha podólogo/a que será quen se encargue da recollida de datos e a xestión das citas dos individuos que participen neste estudo.

c) **Material funxible e inventariable**

- Material funxible de papelería: bolígrafos, fotocopias, folios, cartuchos de impresora (tónor negro e de cor), unha carpeta clasificadora, unha axenda ou un caderno.
- Material inventariable: é o equipamento técnico que precisaremos para levar a cabo o estudo.

Na Táboa IV figuran con máis detalle os recursos necesarios.

		CUSTO	
		Custo parcial	Custo total
Gasto de persoal			
Un/ha podólogo/a		0€	0€
Infraestrutura		0€	0€
Bens e servizos			
Material	funcionable (papeleira)		
	Paquete de 500 folios DIN A4	3,50€ (3uds)	10.50€
	Caderno	0,25€ (3uds)	0.75€
	Libreta	0.73€ (1uds)	0.73€
	Carpeta archivadora	1.40€ (5uds)	7€
	Cartuchos de tinta negra e de cor	32.25€ (4uds)	129€
	Caixa 1.000 grampas	3.24€ (1uds)	3.24€
Material inventariable	Grampadora	10.00€ (1uds)	10€
	Perforadora	3.00€ (1uds)	3€
	Ordenador	0.00€	0€
	Impresora	0.00€	0€
	Gasto desprazamento podólogo/a (coche, gasóleo)	0.19€/km 150Km (4 viaxes)	114€
	Báscula dixital		25
	Estadiómetro portátil SECA 213		125
Outros gastos	Asistencia a congresos, estancias e axudas de custo	500€ (x3)	1.500€
	Provisión para imprevistos		200€
	Publicar en revistas	2.500	2.500€
	Tradutor Microsot	0.00€	0€
	Corporation acceso grauíto		
TOTAL			4.628,22€

Táboa IV Relación de recursos necesarios e custos económicos asociados.

10.2. Posibles fontes de investigación

- Convocatoria de axudas de Acción Estratéxica de Saúde (AES) do instituto Carlos III ²⁶.
- Bolsas de investigación do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade²⁷.

11. BIBLIOGRAFÍA

- 1) Torres Salazar M., Bress García J. R., Fernández de Mata E., Carril Vázquez X. M. Os retos do sector pesqueiro galego cara ó vindeiro século. Santiago de Compostela: Consello Galego de Relacións Laborais; 2002.
- 2) Sequeiros J. L., dir. A despensa de area. Vigo: Edición Xerais de Galicia; 1995.
- 3) Vázquez Varela J. M., García Quintela M. V. A vida cotiá na Galicia castrexa. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela; 1998.
- 4) Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia. Boletín Oficial del Estado, n.º17 (17/01/2001).
- 5) ISSGA. Guía de buenas prácticas ISSGA .Salud laboral en marisqueo a pie. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2011.
- 6) IGE. Instituto Galego Estatística [sede web]. Pesca e acuicultura. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; [acceso 07 de marzo de 2018]. Disponible en: <<https://bit.ly/2xJn4x0>>.
- 7) Katz J. N., Larson M. G., Sabra A., et al. The carpal tunnel syndrome: diagnostic utility of the history and physical examination findings. Ann Intern MED 1990;112:321-327.
- 8) Melchior M., Roquelaure Y., Evanoff B., et al. Why are manual workers at high risk of upper limb disorders? The role of physical work factors in a random sample of workers in France (the Pays de la Loire Study). Occup Environ Med 2006; 63: 754-761.
- 9) Mencía Fernández, M. Calzado laboral y actuación podológica. Revista Internacional de Ciencias Podológicas 2011; 5(1):9-19.
- 10) ISSGA. Estudio de salud laboral ISSGA. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2012.
- 11) Rivas López M., Bouza Prego M.^a A., Saleta Canosa J. L., Requejo Constela A. M.^a. Prevalencia de patologías podológicas en trabajadores del mar y trabajadores de tierra que utilizan calzado laboral. EJPOD 2015;1(1): 14-20.
- 12) Ministerio de Agricultura e Pesca. Diagnóstico sobre la situación profesional de las mujeres en el oficio del marisqueo en España. España: Ministerio de Agricultura e Pesca; 2016.
- 13) Red Española de Mujeres en el Sector Pesquero. Diagnóstico sobre la situación profesional de las mujeres en el oficio del marisqueo en España: España. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente; 2016.

- 14) INE. Instituto Nacional de Estadística [sede web]. Estadísticas territoriales. Madrid: Instituto Nacional de Estadística; 2018 [actualizada 2018; acceso 06 de febreiro de 2018]. Disponible en: <<https://bit.ly/2Jx5Dob>>.
- 15) IGE. Instituto Galego Estatística [sede web]. Permisos de marisqueo a pé por sexo e confraría ou agrupación de mariscadores. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; [acceso 06 de febreiro do 2018]. Disponible en: <<https://bit.ly/2JtNR5f>>
- 16) Pescadegalicia.gal [sede web]. Plan de explotación de moluscos bivalvos a pé na Confraría de Pesca de Muros. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; [acceso 06 de febreiro de 2018]. Disponible en: <<https://bit.ly/2HI0qL2>>.
- 17) SEEDO. Sociedad Española para el Estudio de la Obesidad [sede web]. Barcelona: Grupo Pacífico; [acceso 15 de febreiro de 2018]. Disponible en: <<https://bit.ly/2LXi1Y>>.
- 18) Clasificación Estadística Internacional de Enfermedades Décima Revisión. Organización Panamericana de la Salud, Publicación Científica [sede web]. (Washingtong DC): 1995 [acceso 06 de febrero 2018]. Disponible en [http://wikipedia.org/wiki/Listadec%C3%B3digos CIE-10](http://wikipedia.org/wiki/Listadec%C3%B3digos_CIE-10).
- 19) Regulamento Xeneral de Protección de datos, de Maio do 2016, concemiente a normativa europea de protección de datos. Diario oficial de la Unión Europea (27/04/2016).
- 20) Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica. Boletín Oficial del Estado, n.º 274 (14/11/2002).
- 21) Lei 14/2003, do 3 de xullo, de investigación biomédica. Boletín Oficial del Estado, n.º159 (03/07/2007).
- 22) Beauchamp T. L., Childress J. F. Principles of Biomedical Ethics. Sétima edición, Oxford: Oxford University Press; 2013.
- 23) WMA. Asociación Médica Mundial [sede web]. Declaración de Helsinki. Francia: Kloiber O; [acceso 15 de febreiro de 2018]. Disponible en: <<https://bit.ly/2r2W2cs>>.
- 24) Mazzanti Di Ruggiero M.A. Declaración de Helsinki principios y valores. Revista Colombiana de Bioética [revista en internet] 2011 [acceso 06 de febreiro de 2018];6 (1): [125-144]. Disponible en: <<https://bit.ly/2gQklIO>>.
- 25) Instrumento de ratificación do Convenio para a protección dos dereitos humanos e a dignidade do ser humano con respecto ás aplicacións da bioloxía e a medicina (Convenio relativo aos dereitos humanos e á biomedicina) feito en Oviedo o 4 de abril de 1997. Boletín Oficial del Estado, n.º 251 (20/10/1999).

- 26)Ministerio de Industria e Competitividade. Instituto de Salud Carlos III [sede web]. Madrid: Ministerio de Industria; [acceso 16 de febreiro de 2018]. Dispoñible en: <<https://bit.ly/1ocWWzn> >.
- 27)Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade [sede web]. Madrid: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; [actualizada en novembro de 2016; acceso 16 de febreiro de 2018]. Dispoñible en:<<https://bit.ly/2sHIQvC>>.

12.ANEXOS

ANEXO 1.SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN POR PARTE DA CONFRARÍA DE PESCA DE MUROS.

Proxecto final de carrera para a universidade da Coruña



Recibidos x



xx xx <[redacted]>



para cofradia

Estimado Patrón Maior da Cofradía de Muros, Don Manuel Daniel Formoso Moledo:

Como alumna do último curso da Facultade de Enfermaría e Podoloxía, ubicada no Campus de Esteiro de Ferrol, pertencente a Universidade da Coruña, poñome en contacto con vostede por motivo do proxecto de Fin de Grado.

O proxecto que vou a desenrolar leva por título "Prevalencia de patolóxicas ungueais e dermatolóxicas en mariscadoras/es de a pé". Por esta razón comunícome con vostede para saber si estarían interados/as en que levase a cabo, dito estudo, na cofradia de Muros . Este proxecto contaria coa autorización previa do comité de ética , así como, a autorización da cada mariscadora/or interesado en participar no estudo. Os datos obtidos solamente se usaran con fins de investigación. A todos os participantes se lle dara a firmar o consentimento informado respetando a Lei Organica 15/1999 do 13 de decembo, de protección de datos de carácter persoal (BOE NÚMERO 298 DO 14 DE Decembro de 1999, última modificación o 5 de Marzo do 2011).

Para maior información adxunto o meu correo electrónico:

[redacted]

Grazas pola súa atención



CofradiaMuros <[redacted]>

para mí



gallego



español

[Traducir mensaje](#)

Bos días:

Pola nosa parte non temos problema ningún en colaborar no proxecto.

Un saúdo.

DIAGNOSE	LOCALIZACIÓN (Pes, pernas ou nocellos)	TRATAMENTO (Si ou Non)	NOME DO TRATAMENTO	DURACIÓN DO TRATAMENTO	CURACIÓN (Si ou Non)
Dermatite de contacto					
Dermatite alérxica					
Eccema					
Próido					
Fungos					
Sarna					
Molusco contaxioso					
Fungos nas uñas					
Verrugas plantares					
Sabañons					
Inflamación do tecido subcutáneo					
Forúnculo					
Uñas					

encarnadas					
Calosidades					
Pel seca					
Lunares que houbo que extirpar					
Úlcera varicosa					
Sudor excesiva nos pes					
Pitiríase rosada					
Picaduras de insectos					
Outras enfermidades					

ANEXO 3. BASES DE DATOS E ESTRATEXÍA DE BÚSQUEDA

Base de datos: Cinhal.

Estratexia de busca: TX "shellfish gatherers" OR "shellfish farmer" OR "shellfish catcher".

Resultado: 0 documentos.

Base de datos: Pubmed.

Estratexia de busca: Search ("shellfish catcher"[Text Word] OR "shellfish farmer"[Text Word] OR "shellfish gatherers"[Text Word]). **Resultado:** 11 documentos.

Estratexia de busca: "shellfish gatherers"[Text Word] AND ("onychomycosis"[MeSH Terms] OR "onychomycosis"[All Fields]). **Resultado:** 0 documentos.

Estratexia de busca: "shellfish gatherers"[Text Word] AND (((("onychomycosis"[MeSH Terms] OR "onychomycosis"[All Fields]) OR "chilblains"[MeSH Terms]) OR Chilblains[Title/Abstract]) OR ("foot diseases"[MeSH Major Topic] OR Foot Diseases[Title/Abstract])) OR (((Eritema[All Fields] AND "chilblains"[MeSH Major Topic]) OR (Eritema[All Fields] AND Pernio[Title/Abstract])) OR "tinea pedis"[MeSH Major Topic] AND Tinea Pedis[Title/Abstract])). **Resultado:** 0 documentos.

Base de datos: Cuiden.

Estratexia de busca: Mariscador OR mariscadora. **Resultado:** 1 documento.

Base de datos: SCOPUS.

Estratexia de busca: TITLE-ABS-KEY ("shellfish catcher" OR "shellfish farmer" OR "shellfish gatherers") AND (LIMIT-TO (EXACTSRCTITLE , "Ciencia E Saude Coletiva") OR LIMIT-TO (EXACTSRCTITLE , "Clinical Rheumatology") OR LIMIT-TO (EXACTSRCTITLE , "Human Ecology") OR LIMIT-TO (EXACTSRCTITLE , "Journal Of Shellfish Research"). **Resultado:** 11 documentos.

Base de datos: DIALNET.

Estratexia de busca: (mariscado*) AND (sabañón OR onicomycosis OR "tiña del pie" OR "pie de atleta"). **Resultado:** 0 documentos.

Ningún dos documentos atopados non se axustan as características do presente proxecto, co cal, non se utilizaron ningún dos artigos

ANEXO 4. FOLLA DE INFORMACIÓN

Título do estudo: Estudo da prevalencia de patoloxías podolóxicas ungueais e dermatolóxicas en mariscadoras/es de a pé.

Investigadoras: Vanessa Pensado Vieites, María de los Ángeles Bouza Prego e Raquel Veiga Seijo.

I. Introducción: este documento ten o obxectivo de convidala/o a participar de maneira voluntaria nun estudo de investigación. Con este documento informativo tratamos de que coñeza toda a información sobre o dito estudo, así como os procedementos que empregaremos e os posibles beneficios que conseguiremos.

II. Lea con atención, e se ten calquera pregunta ou non comprende a información redactada o persoal de investigación do estudo aclarará todas as súas dúbidas.

III. Unha vez que comprenda a información e opte por participar, solicitarase que firme un consentimento e lle poña a data.

IV. Obxectivo da investigación: convidámola/o a participar nun estudo de investigación que ten por obxectivo o estudo da prevalencia de patoloxias podolóxicas ungueais e dermatolóxicas en mariscadoras/es de a pé.

V. Duración do estudo: agradeceríámoslle que dedicase un pouco do seu tempo a ler e complementar o cuestionario que recibirá. As súas respostas terán un gran valor para todas/os.

VI. Intereses económicos: vostede non terá ningunha remuneración económica por participar neste estudo de investigación.

VII. Posibles beneficios: terá a posibilidade de recibir asesoramento verbal específico e de maneira puntual, durante a duración do estudo, sobre as patoloxias podolóxicas ungueais e dermatolóxicas que o persoal investigador observe.

VIII. Posibles riscos: non existirán riscos físicos que poidan prexudicar a súa saúde, xa que o método de exploración que empregaremos será non invasivo e non cruento. Estará baseado na observación da perna e do pé.

IX. Participación voluntaria/retirada do estudo: a participación no estudo é un acto totalmente voluntario. Vostede pode decidir negarse a participar desde o primeiro momento ou cambiar de decisión e retirar o seu consentimento cando así o desexe.

ANEXO 5. CONSENTIMENTO DO/A PARTICIPANTE

Eu (apelidos, nome),

co DNI (números e letra)

Confirmo o seguinte:

a) Lin toda a información detallada do consentimento informado. Todas as dúbidas que tiña foron contestadas. Entendo que son libre de abandonar o estudo de investigación sen dar explicacións.

b) Acepto participar no estudo de saúde da Universidade da Coruña sobre a prevalencia de patoloxías podolóxicas, ungueais e dermatolóxicas en mariscadoras/es de a pé.

c) Dou o meu consentimento para que o/a investigador/a realice preguntas e leve a cabo as exploracións necesarias sobre as patoloxías que poida atopar.

d) Entendo que os datos recollidos serán utilizados co único fin de desenvolver a mencionada investigación. Respetarase a miña privacidade de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Sinatura do/a participante

Sinatura do/a informador/a

En, a de de 201.....